

Centros de formación

Os seis centros de formación agroforestal da Consellería do Medio Rural e do Mar están en [Guísamo](#), [Becerreá](#), [Sergude](#), [Ribadeo](#), [Monforte](#) e [Lourizán](#). A especialización dos centros de formación agraria adáptase ás características da zona, para converterse así en centros de referencia e aproveitar os recursos do lugar.

Ofertan unha ampla variedade de cursos entre as ensinanzas regradas e as non regradas, tamén chamadas de [formación continua](#). As primeiras están divididas en [ciclos de grao superior](#) e [ciclos de grao medio](#), [programas de garantía social](#) e módulos profesionais.

A [formación continua](#) fundaméntase en cursos eminentemente prácticos, impartidos durante todo o ano e orientados a agricultores e gandeiros, como os cursos de aptitude empresarial agraria, de manipulador de produtos fitosanitarios e de mellora das explotacións e os cursos monográficos ou de especialización que se adaptan ás necesidades do momento.

Estes cursos teñen lugar tanto nos centros de formación agraria como nas OAC (Oficinas Agrarias Comarcais) e poden estar tamén organizados por outras entidades relacionadas co sector.